



biblioteca virtual  
de literatura universal en galego  
<http://www.bivir.com>

# KORNÉL ESTI

Dezső Kosztolányi

Tradución ó galego de Jairo Dorado Cadilla



Asociación de  
Tradutores Galegos

© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2007  
© da tradución, Ánxela Gracián, 2007

## **DECIMOCUARTO SUCEDIDO,**

*NO QUE SE NOS CONTA O SEGREDO COMPORTAMENTO DO BEN EDUCADO  
PERO DE MAL ENCAMIÑADAS ARTES TRADUTOR GALLUS.*

Falabamos de poetas e escritores, de vellos amigos que outrora connosco compartiran viaxes das que despois regresaran e aos que finalmente lles perderamos a pista. De sotaque saíu un nome. Quen se lembraba aínda del? Suspiramos, e un sorriso apareceu nos nosos beizos. No espello dos nosos ollos apareceu unha face xa esquecida, unha vida e unhas obras trasapeladas no noso maxín. Quen sabía algo del? Aínda estaría vivo? O silencio respondeu as preguntas. Neste silencio resoou a reseca coroa de flores da súa gloria como a folla que cae nun camposanto. Calamos.

Así demos en calar uns minutos, ate que alguén pronunciou o nome de Gallus.

—Coitado —dixo Kornél Esti. —Aínda o vin hai un tempo atrás... pero iso serían hai uns sete ou oito anos... e nunhas circunstancias moi tristes. Daquela acontecéralle un asunto cunha historia de detectives, algo que xa de por si daba en ser unha historia detectivesca, o asunto máis desacougante e doloroso que eu na vida vira.

Xa sabedes máis ou menos ben como era. Era un mozo con talento, espelido, instintivo pero tamén culto e educado. Falaba varias linguas. Falaba tan ben inglés que o príncipe de Gales asistía ás súas clases. Pasouvos catro anos en Cambridge.

Tiña, porén, un terríbel defecto. Non, non lle daba á bebida. Senón que collía todo o que se lle puña á man. Roubaba coma unha pega. Tanto lle tiña se era un reloxo de peto, unhas pantuflas de feltro ou unha enorme cheminea. Preocupáballe tan pouco o valor das posesións roubadas como as súas dimensións. A cotío non lles obtiña ningún uso. O seu único gozo estaba en satisfacer a súa necesidade: roubar. Nós, os seus amigos máis achegados, intentamos axudalo a se encamiñar polo bo camiño. Falabámoslle cun aquel cheo de xeito e amor. Amezabámolo e botabamos xuramentos.

Deunos a razón. Prometeu que loitaría con todas as súas forzas contra a cerna da súa vida. Pero aínda que o intentaba, a súa natureza era máis forte ca el. Volvía a recaer.

Tantas veces os seus coñecidos humillárono e ruborizárono en público, tantas veces tamén aconteceu que estando nalgures connosco tivemos que facer o sempre imposíbel esforzo de explicármonos para evitar as posíbeis consecuencias. Nunha ocasión no tren rápido de Viena colleulle o portafolios a un comerciante moravo que o seguiu dende a escena do crime e avisou aos gardas na seguinte estación. Apresado continuou ate Budapest.

Outra vez intentamos asistilo. Vós, aos que escribo, sabedes que todo depende das palabras, tanto os versos do poema como o destino dun home. Demostramos que era un cleptómano e non un ladrón. Deses, que se os coñecemos, abofé que pensamos: cleptómano. Deses, que non os coñecemos, abofé que pensamos: ladrón. O xuíz, que non o coñecía, considerou que eran eses os actos dun ladrón e mandouno dous anos ao cárcere.

Despois de quedar en liberdade, unha escura mañá de decembro, xusto antes do Nadal, chegou esfameado cas miña. Axeonllóuseme diante. Suplicoume que non o deixase tirado, que o axudase, que lle procurase un traballo. Así as cousas, escribir asinando co seu nome, polo momento non podía ser. E á marxe de escribir, non podía facer ren. Soliciteille entón a un editor, correcto, humano, recomendándollo, e a editora xa ao día seguinte lle encomendou a tradución dunha novela inglesa de detectives. Ese tipo de asuntos cos que nós non nos emporcamos as mans. Non lemos iso. Como moito traducímolo, pero pondo luvas nas mans. O título —aínda hoxe me lembro: *O secretísimo castelo do conde Viciszláv*. E que máis dará? Aledeime de poder facer algo, tamén el se aledou de poder gañar o pan, e cheo de ledicia marchou para casa a traballar. Traballou con tanta dilixencia que —sen agardar polo prazo de entrega— entregou o manuscrito en tres semanas.

Tras todo isto quedei fortemente sorprendido cando a editora un par de días despois me comunicou por teléfono que o meu protexido non cumprira a súa parte do acordo de tradución e que polo tanto non se lle pagaría o acordado. Non entendía o asunto. Sentei no coche e ala fun.

O editor mudo entregoume o manuscrito. O noso amigo fixera todo con xeito, numerara as páxinas, incluso xuntara as páxinas cun cordel coas cores nacionais. Todo isto era moi seu, porque —así o penso, xa o mencionara— no tocante aos asuntos literarios era tremendamente escrupuloso. Comecei a ler o texto. Berrei co deleite. Frases claras, modismos inxeniosos, xiros lingüísticos xeitosos un detrás do outro, que quizais nesa chafallada orixinal nin existían. Apampado pregunteille ao editor, que era o que había de criticábel na obra? Entón este entregoume o orixinal inglés, tan calado como cando me dera o orixinal, e indicoume que debería comparar os dous textos. A súa media hora levoume comparar, ora o libro, ora o manuscrito. Finalmente cheguei ao comprender. Recoñezo que o editor tiña a máis absoluta das razóns.

E como? Nin procuren adiviñalo. Incorrecto. Non redactou outra novela diferente. Era con certeza a tradución d'*O secretísimo castelo do conde Viciszláv*, tan poética, artística e modélica obra. Outra vez incorrecto. Non caerá no erro dos dobres sentidos. A fin de contas, falaba tan ben inglés coma húngaro. Pidan papas. Na vida escoitarían algo parecido. Velaí o quid da cuestión. Xustamente aí.

Tamén eu a modo estaba coa mosca detrás da orella. Presten atención. A primeira frase do orixinal inglés di tal que así: *O tempestuoso castelo contaba con trinta e seis balaustradas. Abaixo, no primeiro andar, no salón de bailes, catro lámpadas de cristal tallado penduraban do teito...* A tradución húngara dicía o seguinte: *O tempestuoso castelo contaba con vintecatro balaustradas. Abaixo, no primeiro andar, no salón de bailes, dúas lámpadas de cristal tallado penduraban do teito...* Abraiado e cos ollos ben abertos, proseguín a lectura. Na terceira páxina da novela inglesa escribían: *O conde Viciszláv cunha gargallada sonora abriu o seu portafolios e tirou da suma acordada, mil cincocentas libras...* Velaí a tradución que a versión húngara nos mostraba: *O conde Viciszláv cunha gargallada sonora abriu o seu portafolios e tirou da suma acordada, cento cincuenta libras...* Agora xa non tiña un malos presentimentos, e nos seguintes minutos —infelizmente— mostrouseme a face máis triste. De seguido, a terceira páxina da edición inglesa rezaba así: *a condesa Eleonóra sentou nun curruncho do salón de baile, vestida con roupas de noite e aquela coas antigas xoias familiares: a tiara de xemas incrustadas, que herdara da súa bisavoa a co-princesa alemá, o seu peito branco estaba engalanado co brillo estrelado do colar*

*de perlas, e os seu dedos engarzados coas pedras preciosas, brillantes, zafiros e esmeraldas dos seus aneis...* O manuscrito húngaro dáalle a volta a esta colorida descrición: *a condesa Eleonóra sentou nun curruncho do salón de baile, vestida con roupas de noite...* E non había máis. Desapareceran a tiara de xemas incrustadas, o colar de perlas e os aneis de brillantes, zafiros e esmeraldas.

Entenden o que o noso desgraciado amigo coa mellor das venturas ficionara? Roubara as xoias familiares da condesa Eleonóra, e co mesmo descaro co que tamén collera as mil cincocentas libras do portafolios do conde Viciszláv deixándollas en cento cincuenta, tal e como collera do salón de baile as catro lámpadas que se converteran en só dúas, así como o tempestuoso castelo de trinta e seis balaustradas pasara a ter vintecatros. Caéuseme o mundo enriba. O meu estupor chegou ao seu cume, cando non quedaban xa dúbidas de que el así actuara na obra ate as derradeiras consecuencias. Alí onde estiver a pluma do tradutor, deixara aos protagonistas que acabara de coñecer na sombra e sen o abeiro das súas propiedades que a tan bo reparo tan ilustre visita puxera. Actuara con distintos móbiles. Principalmente collera e levará todo sen escrúpulos. Desde alfombras, caixas fortes, obxectos de prata, que elevaran o nivel do traballo e os que non lles dei atopado pisada ningunha no texto húngaro. Con outras cousas só levará a metade ou un terzo ou un cuarto. Se alguén na súa presenza metía cinco maletas no compartimento do tren, só o deixaba con dúas, sen deixar palabra das outras tres. Quedei abraiado co que máis me desconsolou de todo —que el sen o máis mínimo reparo actuaba con aleivosía e maldade— xa que acotío mudaba a sustancia dos materiais en elementos menos valiosos, así o platino era folladelata, o ouro cobre, e as xemas, cuarzo ou vidro.

Cabizbaixo saín da editora. Por curiosidade levei comigo o manuscrito e o orixinal inglés. Coa excitación quería saber a verdade desta novela detectivesca e xa en casa seguí a botar contas para saber con precisión o inventario do roubado. Traballei sen pausa dende a unha da tarde ás cinco e media da madrugada. Finalmente concluí con todo o que o noso ben querido colega arramplara na tradución do orixinal inglés, levando nin máis nin menos ca 1 579 251 Libras Esterlinas, 177 aneis de ouro, 947 colares de perlas, 181 reloxos de peto, 309 pendentes, 435 maletas, descontando os coutos, fragas e montes, castelos de baróns e duques, e sen ter en consideración os

obxectos pequenos como panos de man, mondadentes e campaiñas, cuxo inventario resultaría custoso e quizais innecesario.

A onde for que enviase todos estes obxectos e propiedades, aínda que ben só existisen no papel, e que era o que con eles fixer, requiriría un investigación ulterior cunha finalidade que me fuxía do alcance das miñas mans, polo que desistín. Pero en calquera caso, fose el vítima dunha cobiza ilimitada ou dunha enfermidade, non había cura para a súa condición e tampouco parecía procurar a súa integración na sociedade decente. Perante a miña indignación moral retireille a miña man como sustento. Abandoneino ao seu destino. Non volvín oír nada del.

*1932*